

– Funcións: 5.10.

– Nomeamento: 5.2.

– Tribunais suplentes: 5.4.

Tribunal de valoración da proba de coñecemento do castelán: 6.3.

Tribunal de valoración da proba de coñecemento do galego: 7.3.

Valoración da proba de coñecemento do castelán: 6.4.

Valoración da proba de coñecemento do galego: 7.4.

TÍTULO I Procedementos de ingreso e acceso

Base primeira. *Normas xerais*

1.1. Prazas convocadas.

Convócanse procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso-oposición, para cubrir 117 prazas no corpo de profesores de ensino secundario, situadas no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa desagregación por especialidades e quendas que a continuación se indican:

Acceso:

Código/especialidade	A2-A1	Reserva discapacitados A2-A1	Total
005 Xeografía e Historia	5	1	6
006 Matemáticas	5	1	6
008 Bioloxía e Xeoloxía	5	--	5
011 Inglés	4	--	4
101 Administración de Empresas	3	--	3
Total	22	2	24

Ingreso:

Código/especialidade	Reserva discapacitados	Libre	Total
005 Xeografía e Historia	2	22	24



Código/especialidade		Reserva discapitados	Libre	Total
006	Matemáticas	2	22	24
008	Biología e Xeoloxía	1	19	20
011	Inglés	1	14	15
101	Administración de Empresas	1	9	10
Total		7	86	93

O código do corpo de profesores de ensino secundario é o 590.

1.2. Normativa aplicable.

A estes procedementos selectivos seranlles de aplicación: a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea; o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición doutras especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei; o Decreto 20/2014, do 13 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014; o Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, modificado polas leis 2/2009, do 23 de xuño, 15/2010, do 28 de decembro, 1/2012, do 29 de febreiro, e a Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación da normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

1.3. Criterios de distribución do persoal aspirante entre os tribunais.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos realizará a distribución do persoal aspirante de cada especialidade, cando sexa o caso, en proporción ao número de tribunais.

O persoal aspirante pola quenda de reserva de discapacidade e, se é o caso, polos procedementos de acceso e de adquisición doutra especialidade será asignado ao tribunal número 1 da especialidade correspondente.

